

FICHA TÉCNICA DO DESEÑO DA ACTIVIDADE DE AVALIACIÓN

SATISFACCIÓN COAS TITULACIÓNS Estudantado e Profesorado

Referencia	Grupo de interese para avaliar (usuarias/os)	Aspecto para avaliar	Responsable da actividade
-	Profesorado e estudantado	Grao de satisfacción coas titulacións	Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado

Previsións temporais		Metodoloxía de medición	
Período(s) de recollida de datos	Prazo de presentación dos resultados	Método de medición	Técnica de recollida de datos
Ao comezo do 2º cuatrimestre (febreiro) Marzo-abril	marzo maio	Enquisa sen mostraxe	Plataforma vía web: aplicación informática de enquisas

Obxectivos da avaliación

Obter información relativa á satisfacción do estudantado e do profesorado respecto das titulacións, útil para a mellora da calidade destas, dos centros e da Universidade en xeral.
Complementar a información obtida en outras enquisas que tratan aspectos ligados ao funcionamento das titulacións noutros eidos (avaliación da actividade docente, mobilidade, prácticas externas ...).

Recursos necesarios que se empregan

Recollida de datos (cuestionario):

A administración dos datos de contacto do estudantado e do profesorado é realizada por ATIC.

Aplicación informática *Enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais da Universidade de Vigo*, dispoñible en Secretaría Virtual, con acceso directo desde a páxina principal da web da Universidade de Vigo, na ligazón: <https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/index.php?modulo=enquisasGrao>

Os datos cuantitativos son transferidos a UniData (Sistema de Información á Dirección –SID-) para o seu tratamento e consulta, con acceso restrinxido desde Secretaría Virtual.

Elaboración de informes:

A través de UniData.

Datos técnicos

• Poboación

- Estudantado matriculado nalgunha das titulacións oficiais de grao e/ou mestrado universitario da Universidade de Vigo,
 - no 3º curso, caso dos graos
 - no 1º ou 2º curso, caso dos mestrados universitarios, e de xeito independente
 - do número de créditos nos que se matricule e
 - do número de veces que se matricule nese curso.
- Persoal Docente e Investigador (PDI) que imparte docencia, segundo a planificación establecida no Plan de Organización Docente (POD), nesas mesmas titulacións.

Inclúe o réxime de formación continua e tamén aqueles cursos ponte, cero...cando formen parte do plan de estudos da titulación.

- **Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)**
Non existen: a enquisa realízase sobre toda a poboación (sen mostraxe).
- **Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes e reunións)**
Non existe mostra: a enquisa realízase sobre toda a poboación.
- **Técnica de grupo**
-
- **Modelo de medición**
Non se empregan modelos estándares de avaliación. Os cuestionarios baséanse nos modelos propostos pola ACSUG no cadro do programa FIDES-AUDIT.
- **Metodoloxía para a recollida de datos**
Os cuestionarios póñense a disposición en formato electrónico. Deste xeito, o cuestionario cúbrese a través da plataforma informática mencionada, con acceso a través de Secretaría Virtual <https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/>

O rexistro e recollida de datos é, por tanto, *on-line*.

A enquisa é anónima e confidencial, de xeito que a identificación mediante os documentos de acceso a Secretaría virtual en ningún caso quedará asociada ás resposta emitidas ao encher o cuestionario.
- **Guión ou cuestionario**
A administración das preguntas realízase a través de 2 cuestionarios de avaliación:
 - Cuestionario de avaliación para o estudantado
 - Cuestionario de avaliación para o profesorado.

Ambos cuestionarios permiten valorar aspectos semellantes relativos ao desenvolvemento da titulación:

 - obxectivos e competencias do plan de estudos,
 - orientación ao estudantado,
 - planificación e desenvolvemento das ensinanzas,
 - recursos humanos (cuestionario para o profesorado)
 - recursos materiais e servizos,
 - resultados e adquisición de competencias
 - xestión da calidade.

Porén, as preguntas dos cuestionario son diferentes.

Escala de valoración:
Nas preguntas **cuantitativas**, escala numérica con 5 graos de valoración. A posición extrema inferior é o valor máis negativo (1) e a extrema superior o valor máis positivo (5) para a resposta a cada pregunta.

Escala:
(NS/NC) *Non sabe, Non contesta*
(1) *Moi insatisfactorio*
(2) *Insatisfactorio*
(3) *Aceptable*
(4) *Satisfactorio*
(5) *Moi satisfactorio*.

O valor medio da escala é, por tanto, o (3) *Aceptable*.

Ademais, os cuestionarios conteñen preguntas sobre aspectos **cualitativos**, que permiten respostas abertas.

- **Referencias comparativas**

Modelos de cuestionarios propostos pola ACSUG no cadro do programa FIDES-AUDIT.

- **Modo de presentación dos resultados**

Os resultados están dispoñibles a través da aplicación UniData, dentro do SID, con acceso a través de Secretaría Virtual <https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/> (empregando o mesmo sistema que para o rexistro de datos)

Os resultados, para cada tipo de avaliación (estudantado e profesorado) preséntanse en 2 formatos:

- Informe de resultados por titulación: informe que contén información integrada dos resultados de participación e satisfacción para cada titulación.
- Informe global (institucional) de resultados: informe que contén información integrada de participación e satisfacción de
 - ✓ Todo o estudantado e profesorado
 - ✓ Todos os centros e titulacións

Modo de difusión:

Os informes de resultados están dirixidos, en 1º termo, aos decanos/as e directores/as dos centros, aos coordinadores/as de calidade e aos coordinadores das titulacións oficiais.

Ademais, a difusión debe estar dirixida tamén, polo menos, aos grupos de interese que avaliaron (estudantado e profesorado).

- **Outros**

Frecuencia de realización da enquisa:

- Estudantado: anual
- Profesorado: bienal (cada 2 anos)

Elaboración (responsable da actividade de avaliación)	Validación
Data e sinatura	Data e sinatura